



Inicio da ruta xunto á Capela dos Milagres de Cornide

Marcas e sinais sendeiristas no percorrido



Sinal de continuidade, que indica o camiño correcto.



Mala dirección. Indica un camiño incorrecto.



Cambio de dirección. Indica un xiro á dereita ou á esquerda no sentido da marcha.



Baliza, que permite identificar o tipo e o número do sendeiro.

MIDE (Método de Información De Excursións)

MIDE é un sistema de comunicación entre excursionistas para valorar e expresar as esixencias técnicas e físicas dos percorridos. O seu obxectivo é unificar as apreciacións sobre a dificultade das excursións para permitir a cada practicante unha mellor elección. De calquera forma, o usuario debe saber que a natureza é máis complexa que o que pode valorar o MIDE. Os valores van de 1 a 5 puntos.

Máis información: www.euromide.info

MIDE

PR-G 238 Ruta dos petróglifos de Teo

horario	3 h 45 min	2	severidade do medio natural
desnível de subida	300 m	2	orientación no itinerario
desnível de baixada	300 m	2	dificultade no desprazamento
distancia horizontal	11.9 km	3	cantidade de esforzo necesario
tipo de percorrido	Ida e volta		

A ruta non está exenta de riscos: atención coas crianzas. Condicións de verán: Tempo estimado segundo criterios MIDE, sen paradas.

PR-G 238
Mapas IGN 1:25.000: 120-II

CONCELLO DE TEO

Concello de Teo
A Ramallosa 38, Luci
15883 Teo - A Coruña
981 81 57 00

Partindo de Cornide, o percorrido adéntrase nun espazo físico de pequenos outeiros graníticos e lenes chairas ocupadas por gran cantidade de restos arqueolóxicos.

Este sitio arqueolóxico representa unha das áreas de maior importancia en Galicia, e sen igual na Comarca de Compostela, pola gran densidade de xacementos de mámoas e petróglifos existentes e polas características dalgúns destes gravados.


Son moi relevantes os petróglifos de Río Augueira ou de Monte de Cornide, cun conxunto de escenas de monta, unha delas sobre un cervo; o petróglifo de Outeiro do Corno I, de gran importancia e recoñecemento na comunidade galega, que amosa na súa parte central un motivo cuadrangular segmentado acompañado dunha daga; e tamén os petróglifos de Pedra Bicuda de Loureiro que representan numerosos gravados xeométricos de gran porte (combinacións circulares e espirais) e figurativos (cervos e cánidos).

De todos nós depende a súa divulgación e a súa coidada conservación.

Actuación con financiamento da Xunta de Galicia a través da Axencia Turismo de Galicia



XUNTA DE GALICIA



PR-G 238
Ruta dos petróglifos de Teo
Ruta homologada en 2018

Deseño: SEGATUR S.L. - Tel: +34 886 11 70 11 - www.segatur.es

CONCELLO DE TEO

PR-G
238

GALICIA

Ruta dos petróglifos de Teo



Ruta sinalizada



1 mapa do percorrido
escala 1: 16.000



WWW.TEO.GAL



Foto: Colectivo a Ruta

PR-G 238 Ruta dos petróglifos de Teo

